

MÚSICA GALEGA

— — —
PON A ORELLA!

Volume 1



A LÍRICA MEDIEVAL

Durante a Idade Media o galego foi a lingua por excelencia das cancións líricas que se interpretaban nos pazos dos reis e da nobreza, non só en Galicia, senón de todos os reinos da Hispania cristiá.

Consérvanse afortunadamente as partituras dalgunhas desas cantigas. En concreto de Martín Códax, do rei Afonso X e mais do rei don Dinís de Portugal.

Por iso, dende o punto de vista musical, a lírica galega medieval é das máis importantes de toda Europa. E estas cancións son interpretadas, en galego, por grupos de música antiga de todo o mundo.

Velaí un exemplo, “Santa María estrela do día”, Cántiga de Afonso X, o sabio, en versión do grupo dos EUA “O Jerusalem”.

TEMA: Santa María, Strela do Día

1



OS SÉCULOS ESCUROS

— — — —


No século XV, a nobreza galega apoiou na súa maior parte o bando de Juana, filla do rei Enrique de Castela, na guerra contra a súa tía, Isabel.

Gañou a guerra esta última. Chegou a Galicia unha nova nobreza e, sobre todo, unha nova xerarquía relixiosa de fala castelá. O galego desapareceu dos contextos cultos e deixaron de escribirse documentos nesta lingua. Mais mantívose absolutamente vivo na fala popular. O pobo seguiu cantado en galego, con manifestacións artísticas – cantos de berce, de traballo, romances, cantigas de nadal- que chegaron, boca-ouvido, ata o noso presente.

Velaí Florencio dos Vilares, o derradeiro cego andante -pura tradición de orixe medieval- que botaba as súas pezas en feiras e romarías, finado en 1986.

TEMA: A filla de Bartolo

2



Florencio,
cego dos
Vilares

DOROTHÉ SCHUBARTH
ANTÓN SANTAMARINA
ANDRÁS VAVRINECZ
RAMON PINHEIRO

AIRES DA TERRA

O PRIMEIRO DISCO EN GALEGO (1904)

No século XIX, co Rexurdimento (e figuras como Rosalía de Castro ou Curros Enríquez) o galego recupera a condición de lingua literaria. Paralelamente, sectores cultos comezan a reivindicar tamén a música cantada nesta lingua. Perfecto Feijoo, boticario de Pontevedra, creou cuns amigos Aires da Terra, un grupo que interpretaba as pezas que escoitaban polas aldeas. Mesmo se atreveron a subir aos escenarios vestidos con cirolas, monteiras e corozas ao xeito aldeán. En 1904 desprazáronse ata A Coruña para gravar un disco. Pois a esa cidade chegara un estudo móbil dende Francia. Este rexistro, o primeiro disco cantado en galego, acadou un gran éxito, tanto en Galicia como entre a emigración en América. Proba disto é que esas cántigas seguen a ser hoxe populares. O primeiro corte, “Foliada da Montaña”, comeza con esta estrofa.

*Unha noite no muiño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.*

TEMA: Foliada da montaña

3



VOCES CEIBES E MIRO CASABELLA

TEMA: O meu país (Miro Casabella)

4

Nos anos finais da ditadura, na contorna da Universidade de Santiago, un grupo de cantautores comezan a utilizar a lingua galega como un xeito máis de loita contra o franquismo.

No ano 1968, presentáronse nun concerto no Cine Capitol de Santiago co nome de “Voces Ceibes”. Alí estaban Benedicto, Vicente Araguas, Xavier del Valle, Guillermo Rojo e Xerardo Moscoso que cantaron, alén de pezas propias, poemas musicados de Celso Emilio Ferreiro. Tamén participou un rapaz do Valadouro que, naquela altura, estudaba en Barcelona: Miro Casabella.

Tras moitos anos de silencio, con Voces Ceibes, naciá a nova canción galega.



ANDRÉS DO BARRO

TEMA: O tren


5

A comezos dos anos setenta un artista de Ferrol, Andrés Dobarro, comeza a compoñer cancións en galego que acadan unha difusión extraordinaria. Tanto que, varias delas, chegaron a número 1 na máis famosa lista de éxitos española: “Los 40 principais”.

Algunhas pezas daquel tempo - “Teño saudade”, “Corpiño Xeitoso”, “Pandeirada” e, sobre todo, o “Tren”- perduran hoxe como parte do acervo da música popular galega.

Con melodías sinxelas, mais moi fermosas, Andrés Dobarro soubo facer entrar en sintonía elementos populares da súa realidade coa estética pop do momento.

As súas cancións son constantemente revisitadas por novos grupos. No 2007, publicouse o “Manifesto Dobarrista”, un CD dobre no que máis de trinta conxuntos do momento versionaban as súas melodías.



OS TAMARA

Grupo noiés, fundado por Prudencio Romo en 1957. O seu nome alude ao antigo nome do río Tambre. Nunha primeira etapa, como orquestra de baile e grupo de animación, viaxaron por toda Europa. No ano 1964 gravaron unha canción en galego, “Galicia Terra Nosa”, que acadou un inmenso éxito nas comunidades da emigración. Xurdiu así a posibilidade de editar, no ano 1970, un vinilo de longa duración, “Na Ferosa Galicia”, integramente en galego. Nel Prudencio acudiu aos versos de Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Francisco Añón, para compoñer cancións que, na voz de Pucho, son hoxe clásicos verdadeiros.

Sorprende a profunda formación literaria que, naquela altura, tiña Prudencio Romo. El mesmo, nunha entrevista, respondeu a esta cuestión: *“Na biblioteca do instituto en Noia, podíamos consultar todos os libros. Excepto un armario que tiña libros en galego e que non se podían ler. Basta que non che deixasen para que, en calquera momento de descoído do bibliotecario fora a por eles. Así devorei os versos de Curros Enríquez ou de Francisco Añón”*

TEMA: Airiños, airiños, aires

6



LOS TAMARA

FUXAN OS VENTOS

7

L ANIVERSARIO

Nos anos setenta do pasado século, co declive da ditadura franquista, comezaron a aparecer moitos novos grupos que cantaban en galego. Segundo estética da música folk, mesturaban no seu repertorio cancións populares con composicións propias, moitas veces sobre textos de poetas contemporáneos. En Lugo, o coro do Colexio Menor do Santísimo Sacramento, que dirixía o padre Mato, foi a orixe dun destes grupos. Chamábanse “Folk 72”, mais, tras gañar ese ano un concurso nas festas das Lucas de Mondoñedo, decidiron trocar o nome polo do título da canción coa que gañaran no certame: “Fuxan os Ventos”.

Dende o primeiro momento -coa calidade das súas voces e a orixinalidade dos seus arranxos- acadaron un éxito extraordinario. Moitas das súas cancións pasaron tamén a formar parte do acervo da música popular galega. Velaí “Muller” con letra de Marica Campo, “Sementeira”, ou a súa famosísima versión de “A saia da Carolina”.

TEMAS: Sementeira e Muller



MILLADOIRO

A MÚSICA CELTA

No ano 1977 o músico santiagués Emilio Cao edita “Fonte do Araño”. Un LP cun gran protagonista: a arpa, instrumento que facía a súa aparición, por primeira vez, na música galega.

En todo o disco había unha achega aos sons de Bretaña, Irlanda e outros pobos atlánticos. Nace así unha etiqueta: “música celta”.


Curioso paradoxo: A música galega que naquela altura tiña verdadeiros problemas para chegar a Madrid, comezou a ser protagonista no Festival de Lorient (Bretaña).

Entre os moitos conxuntos que se achegaron a esta estética, un chegaría a converterse nun auténtico clásico: Milladoiro.

Grupo, fundamentalmente instrumental. O seu primeiro disco, “A Galicia de Maeloc”, alude xa dende o nome, a estes vínculos atlánticos. Maeloc, o bispo fundador de Bretoña, que, no século VI, conduciu o seu pobo dende Britania ás costas de Galiza.

TEMA: Muiñeira do Areal

8



OS RESENTIDOS

ROCK EN GALEGO


Nos anos oitenta existía un auténtico tabú (asumido pola maior parte da prensa especializada): “O galego non vale para o rock and roll”. Considerábase que esta lingua era moi propia para interpretar música folk e tradicional, mais non acaída para o rock (ou calquera outra forma de música emerxente).

Terrible prexuízo. Afortunadamente no ano 1984 apareceu: “Vigo, capital Lisboa”, o primeiro disco do grupo Os Resentidos, e este tabú escuro quedou esfarelado para sempre.

Na década dos noventa o rock en galego agromou por todos os recantos. Mesmo se chegou a crear unha etiqueta propia “o bravú”. A Televisión Galega, co seu programa infantil “O Xabarán”, conseguiu que os temas dalgúns deses grupos deixasen pegada en toda unha xeración.

TEMA: Galiza caníbal

9



OS RESENTIDOS

OS DIPLOMÁTICOS DE MONTE ALTO

ROCK BRAVÚ

Estamos diante unha banda capital dentro da escena galega por moitos motivos: por elevar a cultura popular a un novo nivel; por ser os grandes responsables da xeración do movemento bravú –grunge galego–; por deixarnos himnos imperecedoiros que forman parte da mente colectiva dunha xeración; por glorificar a verbena, o fútbolín e o tute poxado; e por introducir no noso vocabulario palabras como *arroutada* ou *tralla brava*. Un grupo que izou a bandeira do rock popular en Galicia e non tivo que esperar moito tempo para que leccións enteiras os seguisen con fervor. Eles acenderon a chama, a base de ska incendiario, punk rural e folk revitalizado, e pronto tivo lugar a explosión do bravú, xurdindo novas bandas en cada recodo. Os Diplomáticos serán un grupo recordado por sempre e Xurxo Souto pasará á historia como o gran ideólogo dun movemento efémero pero incríbel: o rock bravú.

“Pau de punta non quebra nunca”.

TEMA: Oda ao fútbolín

10



XABARÍN O CAIMÁN DO RÍO TEA

UNHA XERACIÓN...

Non descubrimos nada se dicimos que o Xabarín Club fixo máis pola lingua, -e pola música-, do país que todos os programas de normalización lingüística que houbo, hai ou haberá neste recanto do mundo.

"Esa música deixou unha impronta en toda unha xeración de galegas e galegos. Moitos deles non eran galegofalantes e grazas ao Xabarín tiveron unha relación marabillosa coa lingua, que está presente no mellor dos seus afectos. O que fixo Suso Iglesias foi gravar vídeos de grupos que cantaban en galego. E iso é nin máis nin menos o que marca a lei de creación da CRTVG, que di que a súa primeira función é divulgar a lingua e cultura galegas. Para os grupos foi moi importante como promoción e para a xente significou unha descuberta do próximo ou tamén da música portuguesa".

Xurxo Souto para praza.gal

TEMA: Estou na lavadora

11



VERTO

TEMA: Todo o que che din

12

En *Embora* conflúen en inverosímil harmonía Prince e C. Tangana, a purpurina e o brilli brilli, a pista de baile e o botellón. E o resultado, lonxe de rechiar, tórnase estimulante, incontido, refrescante, apetecible. Dende o piano que anticipa o sensual delirio festivo da Intro ata o minuto final da hipnótica Un feliz descanso, coa que se pecha o disco. «O que queremos é resetear a música de Galicia», di Berto Mira (guitarra e voz), quen xunto a Fer Peleteiro (teclados e voz) - ambos de 22 anos e estudantes de Medicina en Santiago- conforman este dúo, chamado a darlle este verán un excitante revolcón á escena musical galega.

- Conseguídes transcender o idioma a ámbitos, sonoridades e estéticas que lle semellan impropias pero que non o son.
- Si, comezamos con este proxecto porque para nós era importante que alguén reivindicase o galego pero como código lingüístico, sen máis. Que non se use como método para acadar un fin. . Que simplemente sexa, pois iso, unha forma de comunicarse. Que se deixe de asociar a determinado tipo de conciencia política ou a que es un paleta. E a min parécese que a única forma de crear unha conciencia cultural distinta e de chegar a un rapaz de 12 anos é creando produtos culturais novos que non sigan os patróns de sempre. Crealos sen necesidade de ter que escusarte ou de dicir fágoo por isto ou polo outro. Mira, o músico galego máis escoitado agora mesmo é Baiuca, que mestura o tradicional con elementos actuais. Iso dáche unha idea de como seguimos aferrados á tradición.

Carlos Crespo. *La Voz de Galicia (2021)*



TANXUGUEIRAS

TEMA: Terra

13

Tanxugueiras é un trío de pandeireteiras galegas formado por Aida Tarrío e as irmás xemelgas Olaia e Sabela Maneiro. O grupo traballa co repertorio da música galega tradicional, tratando de darlle unha sonoridade máis moderna, que a aproximan ao trap ou á electrónica. Nas súas pezas salientanse temas como o entendemento entre pobos, a defensa da lingua e da cultura galegas e o apoderamento da muller.

O nome do grupo procede da toponimia, trátase do nome dunhas leiras da parroquia de Fumaces, no concello de Riós. É un zoónimo que fai referencia a un lugar onde son frecuentes os tanxugos ou teixugos.

Participaron no Festival de Benidorm para representar en Eurovisión ao estado español e, aínda que non o conseguiron, foron as máis aclamadas polo público, facéndose moi famosas en toda a península.



LAURA LAMONTAGNE

TEMA: Banharémonos nas ondas

14

— — —

Laura LaMontagne comeza o seu proxecto con PicoAmperio (DJ e produtor) en xullo de 2019 entre Santiago de Compostela e Lugo. Viñan de experiencias moi dispares. Pedro (Teo, 1995) participou do colectivo 'Hip Hop Ateneu' e dos grupos Pura Mestura e Furnier. Mentres que Laura (Lugo, 1993) experimentou nos recitais de poesía de Compostela, en concertos en solitario e noutros proxectos previos dos que formou parte.

Melodías suaves, bucles vocais, percusións marcadas e atmosferas rascadas son elementos esenciais da súa particular expresión artística. Na súa proposta misturan música medieval galaico-portuguesa, ambiente hip hop e poesía, poñendo especial atención nas obras de Martín Codax, Airas Nunes, Rosalía de Castro e Luz Fandiño. Unha listaxe á que en 2021 se suma a poeta sarriá Xela Arias, á que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.



BAIUCA

TEMA: Luar

15

As Rías Baixas son o noso Amazonas. Así o deixa claro BAIUCA, novo proxecto capitaneado por Alejandro Guillán (coñecido por proxectos como Alex Casanova), onde consegue combinar o máis avanzado e vangardista da música electrónica coas raíces máis salvaxes e puras da súa Galicia natal.

Un reinicio neotradicionalista que mantén o cable a terra nas raíces pero que conecta coas tendencias máis avanzadas da música electrónica: con tanto de reivindicación cultural e política, como de resignificación dos símbolos tradicionais e quitando o sambenito de 'casposo' ás músicas de raíz, levándoas ao terreo do contemporáneo.

Un diálogo ente a Galicia de antonte e a de pasadomáñá. Iso é o que consegue proxectar a música de BAIUCA, que emprega samples de instrumentación tradicional (cunchas, frautas, gaitas, pandeiretas, ocarinas...), pero pasado polo filtro dunhas bases que se moven entre o techno, o global bass ou as cavilacións da música house dende unha perspectiva tan exploradora e xeosónica como accesíbel para a pista de baile.



BOYANKA KOSTOVA

trap rural

Cibrán García (Saibrán Yiyi) e Rizo (Rizo do Funk) toman o seu nome para este proxecto co que experimentan con subxéneros do hip hop aderezándoo todo con treranca galega. Por que elixen o seu nome? “Porque é un nome contundente, que soa gordo e que mola para un grupo (risas)”. Ambos coincidiran no grupo de rap Estupezazebras, e en abril de 2016 cando este remata, deciden continuar facendo música xuntos e xorde Boyanka Kostova. Rizo ademais pon en marcha Esteban e Manuel, achegándose ao cumbiatune, e posteriormente Ortiga.

Con respecto ás influencias directas e indirectas que marcan o seu son, indican: “Directas, pois todo o son trap que se está desenvolvendo a nivel mundial aínda que sempre nos fixamos máis nos movementos en castelán que en inglés. Pero as influencias indirectas son innumerables, dende Ana Kiro ou Terbutalina ata Die Antwoord ou Ghostemane”.

TEMA: Muñeira de interior

16



MERCEDES PEÓN

TEMA: Déixaas

17

Mercedes Peón é considerada unha das mulleres máis carismáticas do circuíto mundial da *world music*. Naceu en 1967 e aos 13 anos oíu algunhas mulleres cantando na Costa da Morte. O tocar de pandeiro e o cantar ao ribeirana foron as detonantes para escoller as cancións, danzas, historias e experiencias dos seus contemporáneos. Transmitido todo este coñecemento a través da docencia nas escolas municipais, na Televisión de Galicia e nas Universidades da Sorbona, Oporto, Gales, etc.

A variedade das súas composicións comezou a partir da polirritmia baixo a mirada dos ritmos máis antigos, culminando en temas ecléticos e descaradamente vibrantes. O seu amplo repertorio, o encanto e a enerxía que provoca cada unha das súas performances, fan desta muller unha aposta segura para a continuidade da escena do etnocontemporánea en Europa.

mercedespeon.gal



XAVIER DÍAZ

TEMA: O baile de Noró

18

Dos primeiros sopros de Xabier nunha gaita de fol nos albores dos 80 ata *Coplas Para Icíá* (2007) pasaron case 30 anos. A súa curiosidade facilitou a chegada de experiencias que se sucederon tendo sempre a música pop(ular) no horizonte: Xacarandaina, Rumbadeira, os primeiros traballos de campo, unha incesante actividade docente... Logo chegou a Nova Galega de Danza coa que participou nos espectáculos *Alento*, *Engado* e *Tradición* entre os anos 2005 e 2009. Berrogüetto chamou á porta de Xabier a inicios de 2008 e a viaxe durou até 2014. Grandes parceiros e amigos seus foron Guadi Galego, Guillermo Fernández e Xosé Lois Romero, cos que participou no proxecto *aCadaCanto*. No ano 2015 editou *The tambourine man* xunto ás Adufeiras de Salitre, galardoado como o mellor disco galego nos *Premios de la Música Independiente* (2016) e o mellor álbum na categoría de música tradicional dos *Premios Martín Códax da Música Galega* (2016). Chegou despois "Noró, Algunhas músicas do Norte" (*Músicas de Salitre* 2018) e unha extensa xira coa que, nos últimos anos, o grupo percorreu Noruega, Suecia, Francia, Bélxica, Escocia, Uruguai, Inglaterra ou Arxentina. "As Catedrais silenciadas" (*Músicas de Salitre* 2020) é o terceiro e máis recente traballo coas Adufeiras de Salitre, un álbum que reflexiona sobre o despoboamento, o abandono do rural e o risco de perdermos a identidade e a cultura propia nunha sociedade como a galega.




MOUNQUP

TEMA: A cinza

19

Camille Hédouin (Nantes, 1986) chega a Galicia en 2011 para instalarse na aldea de Pardavedra (A Bola, Ourense) e formar parte do proxecto de recuperación da aldea de Saumede. Intégrase rapidamente, aprendendo o galego, idioma que utiliza nas súas composicións xunto ao francés e o inglés, e comezando a desenvolver as súas propias composicións, partindo de material obsoleto e instrumentos para nenos. Desenvolve unha electrónica moi persoal que conecta directamente coa islandesa Björk. Ela fala de “electrónica vogal rural”, algúns medios de worldtrónica. En 2017 gana o IX Certame Musical Fran Pérez “Narf” organizado pola Deputación da Coruña, destacando o xurado “a súa forza, o ben que comunica, o traballo que hai detrás da creación e a súa condición de proxecto innovador cunha impactante posta en escena”.

O seu primeiro traballo é “Proba de Son” (Molho, 2017), gravado integramente por ela. O disco preséntase como “unha colaxe poética que nos conduce por catro paisaxes alternativas, diferentes pero subconectados: ‘Deus, ministerio, choiva e poder’ é unha viaxe que transita do pop á electrónica pasando polo synth e o postpunk. Un ano despois chega “Castro Verdi” (Molho, 2018). Un paso adiante na súa carreira que a leva a explorar novas texturas, aventurándose por novos carreiros que a achegan ao jazz, a electrónica con tinguiduras tribais e a experimentación con música incidental.



NARF

TEMA: Encontrarte

20

Foi un dos fundadores da Sala Nasa e formou parte da compañía de teatro Chévere, canda Xesús Ron, Miguel de Lira, Pepe Sendón, Blanca Cendán, John Eastham e Carlos Santiago. Participou nalgúns espectáculos como actor e compuxo temas para a Banda da Nasa. Déixao en 1998. Crea unha nova identidade e convértese en Narf. Publica o seu primeiro disco, 'Directo en Compostela', gravado en directo na Borriquita de Belem en xullo de 2003. Despois de varios traballos e colaboracións múltiples, no 2015 publica Baladas da Galiza imaxinaria canda Uxía. Xira de 14 concertos por Estados Unidos coa mesma. Prepara o regreso da segunda parte do proxecto Bumba cos mozambicanos Timbila Muzimba. Preséntao no Womex o 22 de outubro como Da Zigala a Zemambiquo. Ao día seguinte despídese do seu público no Teatro Principal no que sería o seu derradeiro concerto. Falece o 15 de novembro do 2016. Créase un premio na súa honra, músico cun compromiso coa cultura sobresaínte.



SÉS

TEMA: Milonga de aquí

21

SÉS é unha cantautora coruñesa de traxectoria ascendente e imparable que trala súa irrupción no mercado no ano 2011 está considerada pola prensa como “a revolución da escea musical galega”. Se algo podemos destacar de SÉS é a súa enorme carisma e forza persoal, xa de sobra demostrada en centos de concertos. O estilo de SÉS mistura coas doses exactas os ingredientes desa fórmula máxica que conseguen un resultado orixinal e xenuíno: rock'n roll, tradición oral galega e certa cadencia da canción de autor latinoamericana con actitude punk, reivindicación e manexo escénico cunha constante e permanente interlocución cos seus seguidores dentro e fóra dos escenarios. O seu discurso valente, novidoso, contundente e directo fan da figura de SÉS a voz de moitos, o altofalante certo que defende aquilo no que sería ideal crer.

Editou oito discos en once anos, o que a levou a percorrer escenarios de todo o mundo.



EZETAERRE

Rap combativo dende Galiza

“Ezetaerre somos un grupo de rap combativo e en galego formado polo Garchu (A Coruña), o Pirola (Ourense) e o Petrowski (O Porriño).

A nosa andaina comezou na Facultade de Comunicación Audiovisual da Coruña, onde compartimos estudos, loitas e experiencias no movemento estudantil.

A partires de aí sacamos unha maqueta de presentación, o disco Aspiracións mínimas e urxentes, os singles A herdanza do vento e Non é verán de Estrella Damm e o recente EP 100.

Isto non vai quedar aquí e seguiremos dando guerra, sen esquecer esas tres palabras que nos acompañan dende o comezo: dignidade, solidariedade e humildade.”

TEMA: Acto I - O fío vermello

22



NAO

TEMA: Cultura crítica

23


A primeira formación da banda nace da conxunción de músicos con diversa experiencia dentro do rock, o punk e o metal galego: Xenreira, Fusquenlha, M.D.R, Fai Tun Flai ou Indana. En outubro do 2005 dan o seu primeiro concerto no Centro Social a Revolta, en Vigo. Tras a gravación das primeiras maquetas e dunha xira por distintas vilas de Galiza, viaxan cara aos estudos Garate, de Euskal Herria, onde darán forma ao seu primeiro disco “As palabras espidas” (2007). A este disco séguenlle cinco máis. No ano 2015 resultan galardoados co prestixioso Premio Martín Códax da música galega na categoría de Metal. É nese ano, e estando no seu mellor momento, cando a banda anuncia un parón indefinido pero non inmediato. A súa intención era crear unha triloxía final baixo o epígrafe de “Apocalipse NAO”. “Soñar” (2016), “Crear” (2016) foron dous dos tres discos da Apocalipse proxectada polos músicos de NAO, que se verá completada co que será o derradeiro disco baixo o título “Ata que o lume se apague”.

Nestes máis de trece anos NAO destacou por ser unha banda cun forte compromiso social, cun dos mellores directos do panorama galego dos últimos tempos e por ser un referente ideolóxico e musical para máis dunha xeración. Os seus concertos caracterízanse por ter unha afluencia masiva de público que corean as letras da banda de comezo a fin.

Achégase a Apocalipse. Que se eleve o lume, que arda.




Continuará...



BIBLIOTECA

Fiz Vergara Vilariño

Bibliotecas
escolares
de Galicia



PON A ORELLA!

MÚSICA GALEGA

2022

IES GREGORIO

FERNÁNDEZ (SARRIA)